



GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 29/04/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A lingua constitúe un elemento básico de identidade e patrimonio cultural que nos caracteriza como un pobo diferenciado e representa un valor fundamental de cohesión do noso país e que, como tal, debe ser obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de Autonomía de Galiza define o galego como lingua propia de Galiza, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galiza e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Ademais, establece que os poderes públicos de Galiza potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

En xuño de 1983 aprobouse a Lei de Normalización Lingüística, a cal garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galiza e asegura a normalización do galego en todos os ámbitos da sociedade.

Neste sentido, en setembro do 2004, o Parlamento de Galiza aprobou, por unanimidade dos seus membros, o Plan xeral de normalización da lingua galega, o cal establece como un dos seus obxectivos conseguir máis funcións sociais e máis espazos de uso para a nosa lingua propia.

O Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo ten como obxectivo conseguir este fin, a través da implantación dun regulamento do galego que facilite e promocióne o seu emprego no ensino non universitario, asegurando un mínimo do 50% do ensino en galego.

Estes días, o futuro Presidente da Xunta de Galiza, o Sr. Nuñez Feijoó, ven de confirmar a promesa electoral do Partido Popular de derogar o decreto do uso do galego no ensino, unha vez constituída a próxima Xunta.

Con esta medida, consideramos que o único que está facendo o Partido Popular é darlle a razón aos diferentes e reducidos grupos sociais e de poder que, desde a entrada en vigor deste decreto, iniciaron unha campaña de desprezo contra a nosa lingua, historia, pasado e riqueza cultural baseándose na recorrente falacia da "imposición do galego".

A situación actual do galego está moi lonxe de ser así, e a sociedade galega sabe que esta non é a realidade do noso idioma. Así, o Consello de Europa advertiu nun informe, a finais de 2008, que en Galiza non se están a cumprir tratados internacionais sobre os dereitos lingüísticos e que non hai garantías mínimas para

este idioma en sectores tan importantes como o ensino, os servizos públicos, a xustiza ou os medios de comunicación, recomendando a inmersión lingüística como mecanismo para acadar a igualdade entre ambos idiomas. Tamén, a Real Academia Galega publicou un estudo sinalando que en doce anos se reduciu á metade a cantidade de persoas que fala habitualmente en galego.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa instará á Xunta entrante que non derogue o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

Segundo. O Concello de Vilaboa enviará o presente acordo ás consellarías competentes en política lingüística e en educación e aos Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galiza.

Terceiro. Os Grupos Municipais de Vilaboa comprométense a trasladar aos seus Grupos Parlamentarios o presente acordo.

Vilaboa, 16 de abril de 2009

Ornela Fernández Salgado

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA